

Fonte, 1881 / Lavadoiro, 1951

Os conxuntos de fontes e lavadoiros constrúense como un modo de aproveitamento das augas para o seu consumo e outros usos comunais.

As augas termais de Caldas de Reis arrastran unha longa tradición, xa dende época romana. Esta auga ten unha composición que lle confire un carácter especial e importantes propiedades curativas.

Esta fonte pertence á tipoloxía de “fontes de cano”: constituída por dous canos ornamentados con cabezas de león, situados á saída do manancial a un nivel máis baixo para acadar maior presión de saída. Está localizada nun recinto cuxos elementos ornamentais lle dan un aspecto neoclásico.

Preto dela atópase o lavadoiro de roupa, abastecido polo mesmo manancial de auga quente que alimenta a fonte, mediante un sistema de canalización. Trátase dunha construción de pedra de cantaría con planta rectangular, cunha única pía de grandes dimensións e con cuberta a catro augas.

Fuente, 1881 / Lavadero 1951

Los conjuntos de fuentes y lavaderos se construyen como un modo de aprovechamiento de las aguas para consumo y otros usos comunales.

Las aguas termales de Caldas de Reis arrastran una larga tradición, ya desde época romana. Esta agua tiene una composición que le confiere un carácter especial e importantes propiedades curativas.

Esta fuente pertenece a la tipología de “fuentes de caño”: constituida por dos caños ornamentados con cabezas de león, situados a la salida del manancial a un nivel más bajo para conseguir mayor presión de salida. Está localizada en un recinto cuyos elementos ornamentales le dan un aspecto neoclásico.

Cerca de ella se encuentra el lavadero de ropa, abastecido por el mismo manantial de agua caliente que alimenta la fuente, mediante un sistema de canalización. Se trata de una construcción de piedra de sillería con planta rectangular, un único pilón de grandes dimensiones y cubierta a cuatro aguas.


Fountain, 1881 / Washing place, 1951

Fountains and washing places were often built side by side as a way of making the most of spring waters for human consumption and other communal uses.

The geothermal waters in Caldas de Reis have a tradition that spans centuries, going back to Roman times. The composition of these waters endow it with a special character all of its own and significant healing properties.

This fountain is of the “spout” type, and has two spouts decorated in the shape of a lion’s head and located at the source of the spring, but below the level at which the water emerges in order to increase the pressure. It stands within a site whose decorative elements give it a neoclassical appearance.

Close to hand is the washing place, to which water is channelled from the same hot spring that feeds the fountain. Made from blocks of rough-hewn granite, it is rectangular in shape, with a single large basin and a four-sided pitched roof.



Pía

Canos

Pilón / Basin

Caños / Spouts